CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 33 de 60.



| | | | |
|---|---|---|---|
| *Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Vilaño* | ***76480,00*** | ***506,70*** | ***76986,70*** |
| *Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Soandres* | ***61500,00*** | ***259,13*** | ***61759,13*** |
| ***SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS*** | ***137980,00*** | ***765,83*** | ***138745,83*** |

***C) Resumo:***

| ***Denominación da obra*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento*** |
|---|---|---|---|
| ***SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL*** | ***339873,31*** | ***892,93*** | ***340766,24*** |
| ***SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS*** | ***137980,00*** | ***765,83*** | ***138745,83*** |
| ***TOTAL*** | ***477853,31*** | ***1658,76*** | ***79512,07*** |

*Do mesmo modo acordou modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2016 relativo ao* **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** *da Deputación Provincial da Coruña, no sentido de aprobar novamente o proxecto técnico do investimento financeiramente sostibles de carácter social, a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, incorporando a modificación do seu orzamento na porcentaxe dos custes indirectos que se inclúen nos prezos descompostos, e sen alteración no orzamento total nin no financiamento:*

| **Denominación da obra** | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento** |
|---|---|---|---|
| Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1) | **167550,84** | **552,10** | **168102,94** |

*A Deputación Provincial da Coruña presentou escrito de subsanación de documentación o pasado 28 de abril, logo de que o Proxecto da obra "CAMBIO DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DE CAIÓN" fose supervisado pola Oficina de Supervisión de Proxectos da Deputación Provincial, no que se indicaba que "revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as deficiencias que de seguido se*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

*indican (…): ● No proxecto técnico da obra faltan os planos. ● O proxecto carece do estudo xeotécnico ou, no seu caso, da xustificación da non necesidade do mesmo. ● As unidades de obra 01.01 e 01.02 inclúen a carga e transporte a vertedoiro autorizado, que deberán ser calculadas no estudo de xestión de residuos da construción e demolición, coa finalidade de evitar duplicidades."*

*Incorporados os planos, emitido informe de innecesariedade de estudo xeotécnico e modificadas as unidades de obra 01.01 e 01.02, cómpre con carácter urxente proceder á aprobación do proxecto en tanto que a plataforma SUBTEL da Deputación Provincial da Coruña para a tramitación de subvención só permitirá as modificacións o vindeiro día 9 de maio.*

*De conformidade cos artigos 198.5 da da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,* ***RESOLVO:***

**PRIMEIRO.-** *Aprobar novamente o proxecto técnico do investimento financeiramente sostible de carácter social "CAMBIO DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DE CAIÓN", a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, incorporando os planos ao proxecto técnico da obra, a xustificación da non necesidade do estudo xeotécnico, e a corrección das unidades de obra 01.01 e 01.02 que incluían a carga e transporte a vertedoiro autorizado, as cales se incluíron no estudo de xestión de residuos da construción e demolición coa finalidade de evitar duplicidades.*

**SEGUNDO.-** *Someter o proxecto coas modificacións indicadas ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para a ratificación da súa aprobación aos efectos da Base 5 das Bases Reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015.*

*Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Iglesias Martínez, dou fe".*

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que votará a favor e que agarda que sexa a definitiva.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 34 de 60.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, ***por unanimidade dos membros presentes***, o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar novamente, aos efectos da Base 5 das Bases Reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, o proxecto técnico do investimento financeiramente sostible de carácter social "CAMBIO DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DE CAIÓN", a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, incorporando os planos ao proxecto técnico da obra, a xustificación da non necesidade do estudo xeotécnico, e a corrección das unidades de obra 01.01 e 01.02 que incluían a carga e transporte a vertedoiro autorizado, as cales se incluíron no estudo de xestión de residuos da construción e demolición coa finalidade de evitar duplicidades.

**SEGUNDO.-** Facultar expresamente ao sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

***7.- MODIFICACIÓN ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN TURÍSTICA COSTA DA MORTE, CMAT.-***

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente no que consta:

1.- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 29 de xaneiro do 2014, acordou, por unanimidade dos membros presentes, integrase na CMAT (COSTA DA MORTE ASOCIACION DE TURISMO) e nomear representante do Concello da Laracha na Asociación ao Alcalde-Presidente en cada momento, sendo naquel mandato 2011-2015, José Manuel López Varela.

2.- O 28 de abril de 2016 a Asemblea ordinaria da Asociación Turística Costa da Morte, CMAT, aprobou por unanimidade a modificación dos Estatutos da Asociación sinalando que deben levarse aos plenos de cada concello para ser aprobados para o que se dará un prazo de dous meses (maio e xuño).

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 35 de 60.

3.- O sr. Alcalde redacta proposta nos termos solicitados pola CMAT á vista de que o Pleno da Corporación celebrara sesión ordinaria o vindeiro 27 de maio e, sendo preciso que con anterioridade á súa convocatoria o asunto sexa previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que vaise a abster o mesmo que fixo na Comisión Informativa.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, anuncia que votarán a favor porque é positivo e considérano unha oportunidade.

O sr. Presidente explica as cotas a pagar que teñen un 50% de compoñente fixo, un 25% en función da poboación e outro 25% en función das prazas hoteleiras, correspondéndolle á Laracha 2377 euros.

Visto o informe emitido polo secretario da Corporación, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, ***por quince (15) votos a favor correspondentes aos grupos municipais do P.P., do BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE e unha (1) abstención correspondente ao concelleiro do grupo político municipal Mixto***, o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación dos Estatutos da Asociación Turística Costa da Morte, CMAT aprobada pola Asemblea ordinaria o 28 de abril de 2016.

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Asociación Turística Costa da Morte, CMAT.

***8.- INCORPORACIÓN COMO ASOCIADO DO CONCELLO DA LARACHA Á ASOCIACIÓN "COSTA DA MORTE GDR".-***

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 36 de 60.

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 37 de 60.



Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu da proposta da Alcaldía do 18 de maio de 2016 que sinala o seguinte:

*"O 30 de marzo de 2016 celebráronse reunións das respectivas xuntas directivas da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños e da Asociación Costa da Morte GDR, nas que se acordou modificar os Estatutos da Asociación Costa da Morte GDR para adaptalos ao requirido polas Bases do novo Programa LEADER Galicia 2014-2020 e abarcar todo o territorio da Costa da Morte (17 concellos integrantes do GDR 22).*

*O 22 de abril de 2016 aprobouse en Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación Costa da Morte GDR a modificación dos Estatutos que foron remitidos o día 26 de abril ao Rexistro de Asociacións da Coruña para o seu visado.*

*Tralo visado dos Estatutos deberá celebrarse Asemblea Xeral Extraordinaria para elixir á nova xunta directiva de 21 membros, dos que 8 serán representantes dos concellos.*

*Para poder ser elector e elixible como membro da xunta directiva hai que ser asociado (art. 9 a) dos Estatutos) e ter pago a cota de ingreso (art. 10 a) dos Estatutos). Segundo o artigo 7 dos Estatutos deberá remitirse acordo do órgano competente que exprese a vontade de ser asociado e comprometerse coa consecución dos fins estatutarios e nomear á persoa que representará ao concello na asociación e quen a substitúa.*

*O prazo para remitir a AGADER a inscrición da modificación dos estatutos, a nova xunta directiva e a Estratexia de Desenvolvemento Local remata o vindeiro 2 de xullo.*

*Segundo o artigo 5 dos Estatutos: "A Asociación pretende constituírse coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para conseguir os seguintes fins:*

a) *Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, a protección do medio ambiente e á creación de emprego.*
b) *Sensibilizar ás administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.*
c) *Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endóxeno, sostible e integral*
d) *Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.*
e) *Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.*
f) *Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.*
g) *Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.*
h) *Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico*
i) *Articular medidas de cara a acadar unha accesibilidade universal en todo o ámbito de actuación do grupo".*

*Polo seu carácter asociativo e supramunicipal cómpre que o Pleno da Corporación, ao abeiro do art. 22.2 b) e da disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, manifeste a vontade de ser asociado da asociación e comprometerse coa consecución dos fins estatutarios e, designe á persoa que a representará na asociación e o seu suplente.*

*É preceptivo o informe do secretario ao abeiro do artigo 47.2 g) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local e do artigo 173.1 b) do Reglamento de Organización, Funcionamiento y*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 38 de 60.

*Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre.*

*Tralo informe do secretario o asunto someterase á ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno e posteriormente ao Pleno da Corporación.*
*Visto que o Pleno da Corporación celebrara sesión ordinaria o vindeiro día 27 de maio e, sendo preciso que con anterioridade á súa convocatoria o asunto sexa previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, pola presente, vista a conveniencia de participar na asociación, propoño á Comisión Informativa que ditamine favorablemente e ao Pleno da Corporación que amose a súa vontade de que o Concello da Laracha se incorpore como asociado á ASOCIACIÓN "COSTA DA MORTE GDR" comprometéndose coa consecución dos fins estatutarios e, nomear á persoa que a representará na asociación, para o que propoño sexa o titular da Alcaldía en cada momento, como presidente da Corporación e representante do concello e sexa substituído polo primeiro tenente alcalde, José Ramón Martínez Barbeito.*

*A Laracha, 18 de maio de 2016".*

Visto o informe emitido polo secretario da Corporación, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, ***por unanimidade dos membros presentes,*** o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Amosa-la vontade do Concello da Laracha de incorporarse como asociado na ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE GDR comprometéndose coa consecución dos fins estatutarios.

**SEGUNDO.-** Nomear representante do Concello da Laracha na Asociación ao Alcalde-Presidente en cada momento, sendo no presente mandato 2015-2019, José Manuel López Varela, e como suplente ao primeiro tenente alcalde José Ramón Martínez Barbeito.

***9.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO***

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 39 de 60.

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 40 de 60.



***DA LARACHA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE LARACHA.-***

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta do requirimento do SERGAS de aprobación formal do borrador do convenio referido no epígrafe.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que votarán a favor aínda que xa se verá para cando se fai a obra, sinalando que semella que están a aflorar millóns na Xunta.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que tamén votarán a favor do convenio aínda que pon en dúbida o prazo de execución dunha obra prometida no 2009 e engade que xa vai sendo hora de que a Xunta asuma os gastos de mantemento do centro de saúde.

O sr. Presidente afirma que o convenio establece tres anos polo que agardan que nese prazo estea executada a ampliación do centro de PAC, pois considera que é unha ampliación grande que outorgará máis servizos e comodidade aos veciños da Laracha.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, ***por unanimidade dos membros presentes,*** o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de cooperación entre o servizo galego de saúde e o concello da Laracha para a execución das obras de ampliación e reforma do Centro de Saúde da Laracha co seguinte tenor literal:
"***CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA LARACHA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE LARACHA***

*En ...........a.…………………………………..*

**Concello da Laracha**
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
**Sede Electrónica:** https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

***REUNIDOS***

*Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuíña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome representación de este último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Doutra parte a **D. ________________________**, actuando en nome e representación do Concello de Laracha, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,*

***EXPOÑEN***

*Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario a ampliación e reforma do centro de saúde de Laracha. Conscientes de dita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de ampliación e reforma no Concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.*

*Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 41 de 60.

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 42 de 60.



## *CLÁUSULAS*

***Primeira.-*** *O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre o Concello de Laracha e o Servizo Galego de Saúde para a ampliación e reforma do centro de saúde de Laracha.*

***Segunda.-*** *Que o Concello de Laracha comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Servizo Galego de Saúde dunha parcela libre de cargas e gravames, sen reserva algunha, coa clasificación de uso sanitario e comprometese a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de a ampliación e reforma do centro de saúde de Laracha.*

***Terceira.-*** *De acordo co anterior co fin de tramitar a cesión da propiedade da parcela onde se realizará a ampliación do centro de saúde, o Concello ten enviado ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:*

*- Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo o Servizo Galego de Saúde a parcela, indicando referencia catastral.*
*-Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do regulamento de bens das Entidades Locais.*
*-Certificación do rexistro da propiedade de titularidade, con indicación de que os bens a transferir teñen carácter patrimonial e situación de cargas e gravames.*
*-Certificado catastral.*

*Comprobada a documentación, e previa autorización do Consello da Xunta, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmoble a construír deixara de prestar servizo como Centro de Saúde.*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”*

***Cuarta.-*** *O Concello de Laracha asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro de saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumeado, telefonía, aparcamento etc..., estas infraestruturas deberán estar realizadas á entrada en funcionamento do centro de saúde.*

***Quinta.-*** *O Concello de Laracha comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.*

***Sexta.-*** *O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non obstante, o Concello de Laracha comprométese a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do RDL 2/2004, reguladora das facendas locais, concretamente apartado 2.a) cando recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% " a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros".*

***Sétima.-*** *O Concello de Laracha farase cargo do derribo das antigas escolas situadas na parcela a ceder, poñendo a disposición do Servizo Galego de Saúde o terro libre de calquera construción que impida o inmediato inicio das obras de a ampliación e reforma do centro de saúde de Laracha.*

***Oitava.-*** *O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo,*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 43 de 60.

*toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.*

***Novena.-*** *Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.*

*A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.*

***Decima.-*** *O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo.*

***Undécima.-*** *O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución do mesmo e no seu caso, a indemnización dos danos e perdas causados.*

***Duodécima.-*** *Este Convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.*

*Así queda redactado o presente Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.*

***POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE”*** ***POLO CONCELLO DA LARACHA***

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao Servizo Galego de Saúde para proceder á sinatura do

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na [https://sede.alaracha.es](https://sede.alaracha.es) (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 44 de 60.

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 45 de 60.



convenio de cooperación proposto.

***10.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO LEGAL DE PAGO E AO PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2015.-***

En cumprimento do sinalado no artigo 4.4 da *Lei 15/2010 do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais*, o secretario procede a dar conta do informe de intervención pertencente ao primeiro trimestre de 2016, que literalmente di:

“***INFORME DE INTERVENCIÓN***

***Asunto: Análise do Período legal de pago e do Período medio de pago no Primeiro trimestre de 2016***

***Lexislación aplicable:***

*- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004.*
*- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, pola que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
*- Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento del Imposto sobre o Valor Engadido.*
*- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba el Regulamento de Contratos das Administracións Públicas.*
*- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais.*
*- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego*
*- Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores.*

**Concello da Laracha**
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
**Sede Electrónica:** https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

*- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEOSF)*

*- Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*

*- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.*

*- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*

*Tendo en conta a lexislación anterior e en relación co asunto de referencia, Rut Presas Pardo, Interventora do Concello da Laracha dende o 11 de xaneiro de 2016 INFORMA baseándome na documentación existente no programa de contabilidade:*

### *1.- RESPECTO AO PERÍODO LEGAL DE PAGO:*

#### *1.1.- Obxecto do informe*

*O artigo 4.3 da Lei 15/2010 indica que: "Os Tesoureiros ou, no seu defecto, os Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global las obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo".*

*O contido do mencionado informe foi desenvolvido polo Ministerio de Economía e Facenda a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do mesmo. Al tal fin publicouse unha Guía para elaborar os informes, que foi actualizada no pasado mes de marzo de 2015, e de acordo coa cal dito informe conterá a seguinte información:*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.alaracha.es (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 46 de 60.

Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 47 de 60.

**Concello da Laracha**
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
**Sede Electrónica:** https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

*a) Pagos realizados no trimestre*

*b) Intereses de demora pagados no trimestre*

*c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre*

*Pois ben, nos apartados 1.3 e seguintes do presente informe será detallada a información anterior.*

***1.2.-Prazos de pago a ter en conta***

